NOTA DE PRENSA



O Sindicato Profesional de Xustiza (SPJ-USO) denuncia o CAOS, as graves deficiencias e o trato discriminatorio na implantación da nova aplicación informática Atenea, que entra en funcionamento hoxe mesmo, 2 de novembro, no Servizo Común de Execución Civil e Penal do Tribunal de Instancia de Pontevedra e solicita FORMACIÓN PRESENCIAL PREVIA.

- **Non se impartirá formación presencial algunha aos 300 funcionarios da cidade para manexar un sistema vital que substitúe a Minerva.**

- *** Agravio comparativo: O sindicato tacha a medida de discriminatoria, posto que no resto dos partidos xudiciais da provincia prevese que un "ridículo" 10 % do persoal si reciba formación presencial; unha cifra totalmente insuficiente, pero que evidencia o abandono da capital.**

- **O sindicato critica o "autoritarismo" da Dirección Xeral de Xustiza, que impón o cambio sen negociar coas organizacións sindicais nin ofrecer unha planificación clara, non podendo precisarse a día de hoxe a data de implantación no resto da provincia, pero que será en próximas semanas.**

Pontevedra, 2 de novembro de 2026. –

O Sindicato Profesional de Xustiza (SPJ-USO) denuncia as graves deficiencias e o trato discriminatorio na implantación da nova aplicación informática Atenea, que entra en funcionamento hoxe mesmo, 2 de novembro, no Servizo Común de Execución Civil e Penal de Pontevedra.

Segundo os datos do sindicato, dos mais de 300 funcionarios destinados no Tribunal de Instancia e na Audiencia Provincial, **ningún recibirá formación presencial, o que aboca á totalidade (100 %) do cadro de persoal a ter que autoformarse para poder sacar adiante o seu traballo diario.**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO. SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.
A CORUÑA: **Roberto** 617685531 – **José Zas** 678473760 FERROL: **Manu** 678514555 SANTIAGO: **Manuel Tejada** 654737422
LUGO: **Rodrigo** 605739886 OURENSE: **Fran** 660450226 – **Alberto** 657124727 PONTEVEDRA: **Nilo** 615496257
VIGO: **Julio** 600292730 - **Yoli** 655770994 – **Sol** 687939335 Mail spjusogalicia@gmail.com Blogue http://spjusogalicia.com

NOTA DE PRENSA

SPJ-USO cualifica esta exclusión de abertamente discriminatoria. Mentres que aos traballadores da cidade de Pontevedra se lles nega calquera tipo de instrución directa, **a Xunta si prevé impartir formación presencial a un 10 % do persoal no resto das localidades da provincia.** Aínda que o sindicato subliña que **esa porcentaxe do 10 % segue a ser absolutamente escasa e insuficiente para garantir o manexo dun sistema vital, evidencia un agravio inxustificable e un dobre raseiro cara aos funcionarios da capital.**

A implantación estenderase a vindeira semana aos restantes servizos da localidade, mentres que para o resto dos xulgados da provincia as datas están aínda sen concretar. SPJ-USO advirte de que esta falta de planificación por parte da Dirección Xeral de Xustiza está a xerar un profundo malestar, a pesar da enorme relevancia técnica e organizativa que supón este cambio de software.

Unha transición cara ao caos sen marxe de manobra – 1/1/2027

A folla de ruta da Administración fixa o 1 de xaneiro de 2027 como a data na que desaparecerá totalmente a actual aplicación Minerva, completándose así a implantación do novo modelo de oficina xudicial en Galicia. Non obstante, dende SPJ-USO sinalan que este proceso estase a levar a cabo de forma "caótica", afondando no estado crítico dunha xustiza xa desbordada e cunha falta de persoal alarmante.

O sindicato subliña que o despregamento de Atenea non foi negociado coas organizacións sindicais, ás que nin sequera se lles está a informar dos detalles técnicos e organizativos. Esta actitude demostra, a xuízo de SPJ-USO, un **"autoritarismo e unha falta de negociación absoluta" por parte da Dirección Xeral de Xustiza nun asunto estrutural que afectará ao día a día de todos os traballadores e, en consecuencia, ao servizo que recibe a cidadanía.**

Ante esta situación, **SPJ-USO segue a esixir á Xunta de Galicia a paralización da implantación ata que se garanta e se imparta formación presencial previa e universal a todos os traballadores afectados, sen distincións nin discriminacións entre localidades, asegurando así unha transición informática con garantías.**

NILO FERNÁNDEZ TABOADA – SPJ-USO Pontevedra.

SPJ-USO PONTEVEDRA
NILO 615.496.257
spjusopontevedra@gmail.com

SPJ-USO: Sindicato maioritario na Xustiza galega!!